

## Actividades de repaso e reforzo

### 1ª SEMANA (4 ao 8 DE maio)

1. Agrupa as seguintes palabras por familias léxicas:  
xoia – chave – roupa – correr – suor – espertar – colgar – chuvia – gardarroupa –  
enxoiar– xoiería – arroupar – suadoiro – corredor – colgante – chaveiro – espertador –  
chuviañar – xoieiro – colgadoiro – chuvasqueiro – percorrer – roupaxe – chavello –  
chuviscar – suor – esperto – corredoira – roupeiro – colgadura

2. Escribe 6 palabras da familia léxica de terra.

3. Escribe dúas palabras de cada campo semántico:

Cine: ...

Viaxes: ...

Escola: ...

Profesións: ...

Deportes: ...

4. Le a seguinte carta e subliña todos os substantivos:

Viveiro, 17 de novembro de 2007

Querida Lucía:

Xa hai case un trimestre que non te vexo; desde que comezou o curso non fago máis que pensar no moito que nos divertimos no verán. Ata o profesorado di que teño a cabeza noutro lado. É verdade: lembro cando iamos á praia de Covas (os poucos días que fixo sol); cando, nas festas da vila, fomos á carballeira para escoitar a banda de música; cando quedaches encerrada no cuarto de baño do avó; cando lle escondemos o balón ao equipo de fútbol entre as pólas dun ciprés, e logo asinamos a paz con eles ...

Oxalá poidas vir polo Nadal, porque estou desexando verte de novo.

Un bico,

Silvia

5. Escribe os colectivos que atopas na carta anterior e pon entre parénteses o individual correspondente.